Probas para valorar os niveis propioceptivos relacionados coa postura; probas de control das funcións posturais e de estabilización.
Ximnasia correctiva: programas individualizados, reeducación e compensacións musculares.
Ximnasia correctiva: análise dos exercicios para disfuncións específicas, das técnicas manipulativas e das progresións. Sistemas de control da evolución das disfuncións posturais.
Proceso da reeducación postural. Percepción da disfunción. Traballo para a mellora do balance muscular e articular. Disociación de sinerxías existentes. Educación perceptiva do equilibrio e da mellora do esquema corporal. Automatización do novo esquema co
Avaliación das programacións de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional. Obxectivos do programa como referente de avaliación. Indicadores e criterios.

Contidos
Procedementos e pautas de aplicación de instrumentos de avaliación. Momentos do programa nos que se aplican. Protocolos.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Ximnasia correctiva	40

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Programa actividades de control postural, benestar e mantemento funcional, relacionándoas cos perfís das persoas participantes ou usuarias e cos recursos dispoñibles	NO
RA2 - Supervisa e prepara o espazo de intervención e os medios materiais para desenvolver actividades de control postural, benestar e mantemento funcional, valorando os parámetros de uso	SI
RA3 - Deseña sesións de control postural, benestar e mantemento funcional, de acordo coa programación de referencia	SI
RA4 - Dirixe sesións de control postural, benestar e mantemento funcional, aplicando metodoloxías específicas para o seu desenvolvemento	NO
RA5 - Avalía as actividades de control postural, benestar e mantemento funcional, verificando a calidade do servizo, o grao de consecución dos obxectivos e a satisfacción das persoas participantes ou usuarias	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Formuláronse os obxectivos dos programas de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional, a partir de características funcionais, motivacionais e de condición física e biolóxica
CA1.3 Deseñáronse procedementos para valorar a competencia perceptivo-motriz e a capacidade de concentración e relaxación, relacionados coa aprendizaxe e a execución de técnicas de control postural
CA1.4 Establecéronse criterios para configurar os grupos, respectando a proporción entre persoas participantes e persoal técnico, e as características das persoas usuarias
CA1.5 Establecéronse as necesidades de espazo, o equipamento básico, o material auxiliar, os apoios e as axudas que se precisan para o desenvolvemento de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional, atendendo ao nivel funcional dos perfís d
CA1.6 Determináronse os recursos humanos necesarios para o desenvolvemento de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional

Criterios de avaliación
CA1.7 Propuxéronse adaptacións dos espazos de práctica para as persoas participantes ou usuarias con limitacións na súa autonomía persoal
CA2.1 Establecéronse as características e as condicións da sala, e os equipamentos para o desenvolvemento de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional
CA2.2 Comprobouse o estado dos medios e os recursos propios dos protocolos de seguridade e de prevención de riscos na súa área de responsabilidade
CA2.3 Establecéronse procedementos para detectar e corrixir anomalías nos elementos específicos, os materiais e os equipamentos utilizados en actividades de control postural, benestar e mantemento funcional
CA2.4 Deseñáronse as adaptacións no material e no equipamento tipo que permitan desenvolver actividades de control postural, benestar e mantemento funcional a persoas con discapacidade
CA2.5 Garantíronse as condicións de accesibilidade á instalación e ao espazo de práctica, valorando os elementos que poden supor barreiras arquitectónicas e establecendo as axudas técnicas
CA3.1 Definíronse os obxectivos, o material necesario coas súas adaptacións, as canles de comunicación e a metodoloxía da sesión, de acordo coa programación xeral
CA3.2 Relacionáronse os efectos de mellora de funcionalidade de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional coas características e os déficits de funcionalidade de perfís de persoas participantes ou usuarias, incidindo especialmente nas pob
CA3.3 Aplicáronse criterios fisiolóxicos, de compensación e de motivación na secuencia dos exercicios da sesión de control postural, respectando as pautas de recuperación que garantan as condicións de concentración e de seguridade
CA3.4 Establecéronse adaptacións e progresións de execución dos exercicios de control postural, en función do modelo biomecánico e dunha práctica personalizada que permita a participación de persoas con limitacións na súa autonomía persoal
CA3.5 Especificouse a localización do persoal técnico durante a práctica para facilitar un continuo feedback ás persoas participantes ou usuarias
CA3.6 Establecéronse as técnicas manipulativas de fixación, corrección e mobilidade pasiva que, de ser o caso, deben empregarse nos exercicios de control postural, benestar e mantemento funcional
CA3.7 Descríbense o espazo, os medios e as axudas técnicas necesarias nas actividades de control postural, benestar e mantemento funcional, e as adaptacións que permiten a participación nelas ás persoas con discapacidade
CA3.8 Deseñáronse sesións tipo de control postural, benestar e mantemento funcional, onde se inclúe a activación, a parte principal e a volta á calma
CA4.4 Utilizáronse as técnicas específicas para a corrección de erros de execución, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos, en función do tipo de actividade
CA5.1 Definíronse indicadores de avaliación das actividades de control postural, benestar e mantemento funcional, atendendo aos obxectivos previstos na programación de referencia
CA5.2 Seleccionáronse instrumentos para valorar o grao de satisfacción e motivación da persoa participante ou usuaria e a calidade do servizo
CA5.3 Descríbense e aplicáronse os procedementos de avaliación de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional, atendendo tanto ao proceso como aos resultados



**Criterios de avaliación**

CA5.6 Formuláronse propostas de mellora dos programas de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional, a partir da interpretación dos datos

**4.5.e) Contidos**
**Contidos**

Principios de aplicación e ámbitos de mellora das actividades de control postural, benestar e mantemento funcional. Conciencia corporal, fortalecemento muscular e flexibilización.

Materiais, aparellos e equipamentos específicos. Adaptacións aos perfís das persoas participantes ou usuarias.

Técnica e biomecánica aplicada ás actividades de control postural, benestar e mantemento funcional.

Perfís das persoas participantes en programas de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional. Disfuncións posturais. Desestabilización pelviana e escapular. Alteracións da columna vertebral e desequilibrios musculares.

Aplicación de programas de actividades de control postural. Afinidades entre as disfuncións posturais e os déficits de funcionalidade. Criterios de configuración de grupos. Criterios para adaptar as actividades aos perfís das persoas participantes ou usuarias.

Impacto das actividades de control postural, benestar e mantemento funcional nas estruturas anatómicas e na auto percepción e a autoestima.

Probas para valorar os niveis propioceptivos relacionados coa postura; probas de control das funcións posturais e de estabilización.

Orixes e evolución dos métodos e as disciplinas relacionados coa corrección postural. Vertente preventiva dos programas.

Ximnasia correctiva: programas individualizados, reeducación e compensacións musculares.

Supervisión dos espazos e as instalacións para actividades de control postural, benestar e mantemento funcional. Procedementos de supervisión do estado dos recursos propios e dos protocolos de seguridade. Características e condicións dos espazos para a práctica.

Adaptacións dos espazos, dos materiais e dos aparellos para a práctica de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional para persoas con discapacidade.

Seguridade e prevención de riscos nas instalacións. Riscos característicos das instalacións para actividades de control postural, benestar e mantemento postural.

Métodos e disciplinas relacionados coa corrección postural. Fundamentación fisiolóxica, mecánica e psicolóxica. Metodoloxía e estratexias didácticas específicas de cada método. Propostas metodolóxicas para as actividades individualizadas e para as actividades grupais.

Ximnasia correctiva: análise dos exercicios para disfuncións específicas, das técnicas manipulativas e das progresións. Sistemas de control da evolución das disfuncións posturais.

Variables implicadas nos exercicios. Adaptacións para persoas con discapacidade.

Proceso da reeducación postural. Percepción da disfunción. Traballo para a mellora do balance muscular e articular. Disociación de sinerxias existentes. Educación perceptiva do equilibrio e da mellora do esquema corporal. Automatización do novo esquema corporal.

**Contidos**

Normas básicas de seguridade nas sesións de control postural. Posición e distancias entre as persoas participantes en cada exercicio. Posibles incidencias nos materiais e nos equipamentos.

Aplicación de sistemas e estilos de comunicación específicos na dirección e dinamización de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional. Códigos verbais e xestuais. Cantidade e tipo de información en función de perfís e número das per

Exercicios, variantes e técnicas manipulativas nas actividades de control postural, benestar e mantemento funcional. Adaptación das técnicas de ximnasia correctiva, ioga, tai chi, método Pilates, etc., segundo os perfís das persoas participantes ou usuari

Ximnasia correctiva: exercicios para disfuncións posturais da columna vertebral, para descompensacións musculares, para falta de flexibilidade e para falta de ton. Progresións e adaptacións a diferentes niveis. Mobilizacións pasivas, correccións e fixació

Localización de erros posturais e de execución. Información sobre coñecemento da execución e dos resultados. Detección da fatiga xeral e localizada. Consignas que axudan a reinterpretar sensacións.

Avaliación das programacións de actividades de control postural, benestar e mantemento funcional. Obxectivos do programa como referente de avaliación. Indicadores e criterios.

Procedementos e pautas de aplicación de instrumentos de avaliación. Momentos do programa nos que se aplican. Protocolos.

Instrumentos de avaliación do proceso e dos resultados dos programas.

Avaliación das sesións. Avaliación de cada parte da sesión: activación, parte principal e volta á calma.

Rexistro, tratamento estatístico e interpretación de datos. Soportes informáticos aplicados á avaliación dos programas.

Memorias de avaliación. Confección de memorias e elaboración de propostas de mellora.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Criterios de cualificación de avaliacións parciais:

Por cada UT impartida ao longo do curso, o alumno terá unha cualificación numérica de 0 a 10 con 2 decimais, que surge como consecuencia de realizar unhas probas escritas, probas prácticas, exercicios, traballos e presentacións de cada U.T., xunto cos datos recopilados no cuaderno do profesor.

Probas Escritas: Constituen o 40% da cualificación da U.T. O alumno deberá realizar obrigatoriamente e de forma individual, parellas ou grupo según criterio do profesor, ditas probas. Para superar os contidos teóricos de cada parcial, o alumno deberá superar en cada proba os criterios mínimos exixibles. Do contrario, poderá recuperar as probas teóricas pendentes, na proba final de xuño.

Probas Prácticas: Constitúe o 40% da cualificación da U.T. Realización de prácticas, traballos, exposicións, fichas, vídeos, etc. Faise a media aritmética de todas as prácticas relacionadas coa U.T.. Deberanse realizar obrigatoriamente de forma individual y/o en equipo e presentadas no tempo estipulado. Se a actividade no está realizada, cualificarase con un 0, e se en entregada o levada a cabo fora do prazo sinalado, terá a metade do seu valor.

Caderno do profesor: Constitúe o 20% da cualificación da U.T. No que se leva o rexistro de asistencia por parte do alumno/a, retrasos, xustificación de faltas. ademais se anotará a responsabilidade deste no traballo individual e en equipo, a súa actitude na clase, o respecto e colaboración cos compañeiros e co profesor, o interese e a motivación mostrado polo alumno/a hacia os contidos impartidos no módulo, a participación na clase e as tarefas voluntarias. Os traballos entregados no prazo. Terase en conta a conservación do material e instalacións, o cumprimento das normas de seguridade e saúde nas instalacións

O parcial será superado, sempre e cando o resultado da media dos tres elementos evaluables sumen 5 ou máis puntos.

Os alumnos que teñan algunha práctica ou exposición sen facer, ou traballo e rarefas sen entregar ou que deban repetir, terán que facelo antes da avaliación final de xuño, para poder seren avaliados positivamente. Na proba final de xuño, os alumnos que teñan algunha parte teórica pendente, poderán presentarse para superala. Así mesmo, os alumnos que queiran subir a nota media final, poderán facer igualmente a proba de xuño, ou se é o caso presentar un traballo ou tarefa acordada co profesor. No caso de se presentar a subir nota, terán que facelo con toda a materia, e só poderán subir a súa nota ata un punto. Se o resultado da proba non fose positivo, non lle afectará na nota que teña.

As porcentaxes indicadas anteriormente poderán sufrir algunha modificación (10% +/-), dependendo do desenvolvemento das diferentes unidades temáticas, a posta en práctica dos contidos e a tarefas realizadas e entregadas en prazo. Axustando finalmente os distintos apartados ata chegar ó 100% da nota total.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As probas escritas dos contidos teóricos e prácticos correspondentes a cada Unidade Didáctica, deberán superar unha nota de 4 puntos sobre 10 para eliminar dita materia. No caso de que nalgunha das probas a porcentaxe do total de alumnos que non superan os catro puntos, sexa do 50% ou máis, farase unha nova proba de recuperación, dándoselles de novo a oportunidade de superar a unidade didáctica e así non deixalo para a proba final de xuño. Neste caso, o alumno que repita a proba terá a opción de sacar un máximo de 5 puntos. No caso de darse a circunstancia de facer unha proba de recuperación dalgunha das unidades didácticas, o alumno que quixera presentarse a subir nota, poderá facelo coa mesma opción de sacar un máximo de 5 puntos. Si un alumno se presentara a subir nota a unha proba parcial (no caso de que houbera dita opción), anularía a nota da proba anterior. Polo que lle quedaría a nota da última proba, sexa esta superior ou inferior.

No sendo así en la prueba final de junio, que estando apto y se presentara a subir nota, si no superara dicha nota o fuese inferior, le quedaría la que tenía.

Os alumnos que teñan algunha práctica ou exposición sen facer, ou traballos e tarefas sen entregar, ou que deban repetir, terán que facelo antes da avaliación final de xuño, para poder seren avaliados positivamente.

Na proba final de xuño, os alumnos que teñan algunha parte teórica pendente, poderán presentarse para superala. Así mesmo, os alumnos que queiran subir a nota media final, poderán facer igualmente a proba final de xuño, ou se é o caso presentar traballos ou tarefas acordados co profesor. No caso de se presentar a subir nota a toda a materia en xuño e só poderá subir ata 1 punto a súa nota. Se o alumno non supera a media adquirida con anterioridade ou fose inferior a esta, quedará coa nota que tiña antes de ser avaliado.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O Alumno que teña un 10% ou máis das horas correspondentes ao módulo, en faltas sen xustificar, perderá o dereito á avaliación continua. Para a xustificación das faltas seguirase o protocolo indicado no Regulamento de Réximen Interno do centro (5% xustificable nos casos indicados, e 25% no caso de deportista de élite).

O alumno que perda o dereito á avaliación continua durante o curso, deberá presentarse a dúas probas, unha teórica e outra práctica, ademais de entregar o día da proba os traballos correspondentes a cada trimestre.

- Proba Escrita: contará dunha parte tipo test, outra de preguntas cortas e outra a desenvolver. Correspondentes aos contidos impartidos durante os tres trimestres e con o peso equitativo das UD. Deberá acadar como mínimo un 40% para superar a materia e sumar a porcentaxe dos outros dous apartados.

- Proba Práctica: Execución e explicación dunha sesión práctica onde demostrará o dominio das técnicas básicas de ximnasia correctiva, taichí, yoga e Pilates. Adicará 15' para cada unha das partes.

- Proba-traballo a entregar: O día da proba práctica entregará un tipo de sesión de cada unha das modalidades anteriores. As que deberá explicar brevemente no momento da súa entrega, e se fose o caso, responderá as preguntas que se lle faga en relación a ditas sesións.

A valoración final será o resultado da suma das tres partes, onde a parte teórica será un 60%, a práctica un 30% e os traballos un 10%.

Para seren avaliados positivamente, deberán entregar e realizar as tres partes.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Ao final de cada trimestre, entregaranse aos alumnos uns cuestionarios anónimos, que versarán sobre os contidos desenvolvidos, obxectivos acadados, distribución dos contidos teóricos e prácticos, soportes e recursos ofertados, criterios e resultados da avaliación, así como cuestións referentes á práctica docente, comunicación, dominio da materia, control e dirección do grupo clase, etc.

Os datos recabados, contrastaranse coa programación e tomarase nota para a seguinte valoración e reaxuste da programación de cara ao curso seguinte.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Unha vez presentado o curso e módulo formativo a desenvolver, na presentación da primeira unidade didáctica, pasaremos un cuestionario ou farase unha presentación para debatir sobre conceptos teóricos e prácticos sobre os que versa o módulo formativo. Deste xeito podemos acadar información importante sobre os coñecementos cos que contan os alumnos relacionados co módulo e a súa experiencia neste sector, tanto como usuarios, afeccionados ou profesionais do ramo. Así mesmo, terase en conta a súa destreza cos soportes informáticos, plataformas educativas e outros recursos que iremos introducindo ao longo do curso para mellorar a calidade do ensino, e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Toda a información acadada do proceso da avaliación inicial, será de gran interese, para saber o punto de partida en relación ao nivel do alumnado, coñecer as súas debilidades e fortalezas, para poder axustar os futuros aprendizaxes atendendo ás necesidades de cada alumno e do grupo en xeral.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumno que non respondan globalmente aos obxectivos programados, levaranse a cabo unha serie de medidas de reforzo educativo dende o primeiro momento:

- Para os alumnos que por motivo xustifico precisen máis tempo do estipulado para a realización tanto de probas físicas, teóricas ou entrega de tarefas, ampliarase o tempo ou o prazo de entrega, previamente acordado con é.
- Para os alumnos que non superen algún apartado avaliable do trimestre, quedaralle pendente esa parte para a proba final de curso, onde se presentará só as partes non superadas, conservándolle os apartados xa aprobados.
- Para os alumnos que teñan dificultades á hora de realizar as prácticas, facilitaranse estratexias para que poda seguir practicando e que finalmente acade os mínimos esixibles.
- Para os alumnos que teñan dificultades para acceder aos soportes informáticos para facer e entregar as tarefas, facilitarase un ordenador con acceso a internet nas horas de lecer ou accedendo ao centro pola tarde á biblioteca.

Aos alumnos do segundo curso co módulo de Control Postural pendente, entregarase ao inicio do curso a acreditación para ser firmada e deixar unha copia en xefatura, coa que se da por informado dos criterios de avaliación do módulo pendente. Se chegará a un acordo co alumno para a organización das probas teóricas e prácticas, así como os traballos ou tarefas a entregar ao longo do curso. O profesor que se encargará deste plan de reforzo ao alumno co módulo pendente, será aquel que imparta o módulo durante ese curso, e no caso de que houbera varios profesores, sería o que lle deu clase, e en caso contrario, chegaríase a un acordo no departamento.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais, fanse imprescindibles á hora de mellorar a empregabilidade do alumnado. Aínda que as competencias técnicas específicas son esenciais para o exercicio dunha profesión, son insuficientes para executarlal con eficacia e eficiencia. As competencias técnicas, os profesionais teñen que contar cunha serie de competencias transversais. Son xenéricas, e comúns á maioría das profesións e que poden aplicarse a moitas facetas da vida e do traballo.

1.- Tecnoloxías da información e da comunicación.

Máis aló de adquirir destreza no manexo de equipos informáticos, os alumnos deben aprender a usar de xeito eficaz os medios de información e comunicación actuais. en concreto, as habilidades que pretendemos desenvolver son:

- Saber organizar e planificar o tempo de traballo.
- Valorar e seleccionar a información de xeito axeitado.
- Reflexionar sobre as vantaxas e inconvenientes do seu uso , así coma os riscos que pode ter.
- Respetar as normas acerca do uso da información e a creación, autoría e as fontes.

As estratexias que plantexo para levar esto a cabo van ligadas as metodoloxías de ensino establecidas previamente:

Las estrategias que planteo para llevar esto a cabo van ligadas a las metodologías de

- Propor trabajos de investigación, como no caso de obradoiros.
- Uso do correo electrónico como medio de comunicación entre os alumnos e o profesor e entre los propios alumnos, á hora de traballar en equipo.
- Uso das aplicacións de google como drive, presentacións, documentos, etc.
- Uso da plataforma de schoology para a presentación de contidos, tarefas, entrega de tarefas, etc.
- Entrega de traballos en soporte informático.
- Proponer la realización de las exposiciones oráis a partires de presentacións de Google, PowerPoint o Prezi.

## 2.- O traballo en equipo.

Implica, por un lado, a capacidade para traballar con outras persoas de forma complementaria, coordinada, comunicativa e comprometida na consecución dun obxectivo común, e por outro, o desenvolvemento de liderazgo ou a capacidade de xestionar as habilidades individuais para poder formar un grupo armónico, equilibrado e motivado, fomentando lealtade e confianza entre os seus membros.

O único xeito de acadar isto é mediante a práctica. Polo que se propón varias actividades ao longo do curso para realizar en grupo ou parellas, onde o alumno desenvolverá os diferentes roles, sendo estes comprendidos por todos.

Outro xeito de fomentar a participación activa de todos os membros é a incorporación do factor de autoavaliación, xa que non basta con que o traballo esté ben, senon que a nota de cada quen depende do seu desempeño.

## 3. Educación en Valores

A educación en valores segue sendo tan importante como no ensino obrigatorio. Hai que facer chegar os valores aos alumnos dende o punto de vista aplicado a súa futura labor, polo que os alumnos teñen que ser conscientes das implicacións moráis e sociáis das diferentes actividades que realicen e que saiban recoñecer e respetar os límites sociáis e moráis dos diferentes proxectos e traballos. En resumo, que adquiran ética profesional. O tratamento destes temas levarase a cabo ao longo de todo o curso, relacionando cada contido coas súas posibles consecuencias a nivel ético.

Os alumnos deben saber recoñecer, apreciar e respetar as diferencias culturais e as costumes de outras comunidades co obxectivo de poder enriquecer o traballo común para que estas diferencias non representen un obstáculo, senon un valor engadido. O xeito de traballar isto é día a día, na aual, a través do traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.

## 4. Habilidades Sociáis

Estas son algunhas das habilidades que son especialmente útiles en un entorno profesional

- Habilidades formativas básicas: capacidade de ensinar a outro e transferir información de xeito claro e comprensible.
- Comunicación oral e escrita: habilidade para expor os contidos que se queiran transmitir, xa sexa de forma oral ou escrita, utilizando un estilo e vocabulario axeitados.
- Negociación: habilidade para planificar, desenvolver e pechar unah transacción de xeito satisfactorio para todas as partes participantes.

Para levar esto a cabo serviréime das metodoloxías de traballo en equipo e aprendizaxe cooperativa, que son as que favorecen a comunicación e interacción entre os alumnos.

#### 5. Habilidades Personáis.

Ao longo do curso, brindarase aos alumnos en numerosas ocasións a oportunidade de traballar de forma libre, seguindo o seu propio ritmo de traballo, co obxectivo de potenciar a súa autonomía e desenvolver algunha das cualidades:

- Organización e planificación
- Toma de decisións
- Adaptación a novas situacións.

#### 6. Espírito emprendedor, innovación e investigación

O ciclo xa contempla o módulo Empresa e iniciativa emprendedora, polo que gran parte dos contidos quedan cubertos por este módulo. O espírito emprendedor debe trascender do ámbito empresarial e ser sinónimo de ter iniciativa e creatividade.

Os alumnos deben desenvolver un pensamento crítico, que lles permita identificar e xustificar os puntos fortes e flebes dun contido ou traballo, xa sexa realizado por eles mesmos o por terceiros, sen deixar de ser curiosos e investigar. Tamén han de ser capaces de xerar coñecementos novos e innovadores, así como saber buscar os recursos e medios necesarios para poder levar estas novas ideas á práctica, sabendo manter os pes na terra e dotar aos seus proxectos de coherencia e unha dose de realidade. Estas aptitudes impulsaranse mediante o emprego de metodoloxías activas e constructivistas nas que o alumno é o artífice do seu propio aprendizaxe: obradoiros, traballos de investigación e elaboración de proxectos.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Coa programación das actividades complementarias e extraescolares, plantéxase acadar os seguintes obxectivos entre outros:

- Complementar os contidos dos coñecementos teóricos e prácticos que se imparten na aula.
- Coñecer realidades non accesibles dende a aula.
- Desenvolver as capacidades humanas
- Dinamizar a vida do centro.
- Promover a participación dos alumnos/as e do profesorado na vida do centro e do entorno.
- Desenvolver a creatividade dos alumnos facilitando os medio e técnicas necesarios.
- Atender ás expectativas e propostas dos alumnos en relación ás actividades extraescolares e complementarias.
- Favorecer o respecto e a tolerancia ante a diversidade de culturas, reencias e razas.
- Contribuir ao desenvolvemento cultural do entorno, fomentando o coñecemento e a utilización dos recursos do barrio e da cidade que , de forma directa ou indirecta supoñen un referente y/o apoio no proceso

educativo.

- Fomentar a participación do profesorado nas diversas actividades, fomenando a súa motivación e invitándoos a realizar propostas.
- Familiarización do alumnado con acontecementos culturais, deportivos e sociáis.

As actividades complementarias non levarán custe algún por parte do alumno e serán de obriga participación. As actividades extraescolares serán de recomendable participación por parte do alumnado e poden levar un custe, que en ocasións poderá ser asumido parcialmente polo departamento de vicedirección, orientación ou educación física.

As saídas a levar a cabo por parte do módulo serán as oportunas e necesarias, sempre que afecte o menos posible o desenvolvemento das clases. Dentro das saídas a levar a cabo, contamos coa participación en actividades relacionadas co módulo en centros especializados da contorna ou da cidades, impartida por profesionáis do ramo. A celebración de días ou datas significativas e conmemorativas organizados xunto co departamento de orientación ou vicedirección, serán levadas a cabo durante o horario lectivo coa obriga de participar nelas. Entre estas actividades contaremos con charlas divulgativas, conferencias, proxección de vídeos no salón de actos, etc. A temática será programada polo departamento de educación física, orientación, vicedirección ou por organizacións como o concello de Vigo ou cruz vermella, entre outras.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Instalacións

Dado a peculiaridade do ciclo formativo de Acondicionamento Físico en xeral, e do módulo de Control Postura, bienestar e mantemento funcional, en particular, o uso de instalacións específicas para o desenvolvemento do módulo será imprescindible.

Por unha banda, contaremos coa aula de referencia, que contará co canón e ordenador para impartir as clases teóricas. E xunto coa dotación de 16 ordenadores portátiles podemos levar a cabo unha mellor labor na aula. Se precisáramos máis ordenadores, os alumnos traerían os seus portátiles.

Por outra banda, para poder desenvolver as sesións prácticas durante todo o curso, contamos cunha sala de fitness multiusos, adaptada cun pavimento axeitado para impartir ditas sesións e cunha parede de espellos para facilitar as aprendizaxes.

Se fose preciso, para algunha das sesións temos acceso ás instalacións municipais de Téis, onde contamos cunha sala moito máis grande e mellor acondicionada.

### 10.2) Materiais

O material empregado para o desenvolvemento deste módulo é sinxelo e lixeiro. Contamos cunha dotación completa de accesorios básicos para impartir a parte práctica do módulo. Por outra banda, dase a oportunidades ao alumnado a traer o seu propio material, como esterilla, taco, fitball, etc. Solicitarase aos alumnos a compra dun abanico para a práctica do Tai-Chi con dito implemento.

### 10.3) Roupa e calzado axeitado

Os alumnos asistirán as clases que se impartan na sala de fitness, con roupa e calzado axeitado, para facilitar a súa práctica, manter a limpeza e cuidado da instalación e materiais e respetar aos compañeiros.

Avisarase con anterioridade aos alumnos cando teñen as sesións prácticas na sala de fitness ou noutra instalación ou cando son na aula de referencia. Así mesmo, avisarase de cando teñen que traer o seu portátil ou



outro material que se precise para levar a cabo a sesión seguinte.

#### 10.4) COVID

Debido a situación que estamos a vivir este ano, é preciso realizar modificacións na programación didáctica de aula para o vindeiro curso. Á hora de levar a cabo a programación, atopámonos cunha situación diferente dos cursos pasados. Tanto na situación actual, como nas posibles alteracións futuras, en canto ao protocolo da COVID'19, as restricións que se presenten ou a presencialidade total ou parcial aos centros, lévanos a ter en conta todas as variables que poidan existir. Dentro do posible, e seguindo os protocolos encomendados da Consellería de Educación, así como os específicos da nosa materia, intentaremos desenvolver todos os contidos posibles e acadar os obxetivos programados para este curso. Faranse as modificacións necesarias da programación, atendendo aos tres escenarios posibles:

Escenario 1: Presencialidade Total ás clases seguindo os protocolos correspondentes. No caso das sesións teóricas, os alumnos poderán desenvolver os contidos na aula de referencia, cumprindo todos os protocolos indicados pola Consellería de Educación, así como as adaptacións do centro educativo. Debido as características prácticas do módulo profesional e seguindo as condicións marcadas para as instalacións do centro, así como as cedidas polo Concello, só se poderá impartir ditas sesións coa metade do alumnado. Deste xeito, rotará cada semana a metade do grupo, para asistir ás prácticas, mentres a outra metade, queda na casa facendo as tarefas correspondentes a esa semana.

Escenario 2: Semipresencialidade. No caso das sesións prácticas, seguiremos as indicacións do escenario Nº1. No caso das sesións teóricas, daranse a todo o grupo de forma telemática.

Escenario 3: Confinamento. Levaremos as ensinanzas de forma telemática, do mesmo xeito que se fixo no terceiro trimestre do pasado curso. Seguindo as tarefas teóricas e prácticas segundo a aula virtual e a través de videoconferencias.

No caso de que algún alumno tivera que ausentarse por enfermidade relacionada porla pandemia ou por ser contacto directo cun positivo, e non poidera asistir a algún das probas teóricas ou prácticas, acordarase con él outra data ou a forma de solventar dita avaliación.

#### 10.5) Deportistas de Élite

Pola característica deste ciclo formativo, e frecuente a asistencia de alumnos coa condición de deportista de élite. No caso de que se ausentaran algún día ou días, por cuestións de concentración da selección correspondente, por asistencia a partidos ou por cuestións relacionadas coa súa situación deportiva, terase en conta á hora de desenvolver o curso coa maior normalidade. Por unha parte, a través da plataforma educativa ou o correo para manterse ao tanto dos avances da materia, realización de tarefas ou probas escritas e prácticas a desenvolver. Se se dera o caso de non poder asistir a algunha das probas, ou non poder entregar a tempo as tarefas, etc, falarase co alumno para acordar outra data ou valorar outro xeito de avaliar aqueles contidos teóricos ou prácticos que quedaran pendentes.

A atención prestada ao alumno que poida estar nestas circunstancias, levarase a cabo, sempre e cando éste, xustifique a súa imposibilidade de asistir as diferentes probas ou de entregar as tarefas nas datas establecidas. A maiores, o alumno deberá mostrar interese en todo momento por desenvolver o curso, e non abandonar o módulo por máis dunha semana.

Se lle recomendará ao alumno que se manteña en contacto en todo momento cos compañeiros da clase ou co profesor, para non perder o filo das sesións deste módulo.

No caso de perder o contacto coa materia e non ser posible levalo de forma axeitada, terá a perda da avaliación continua, coma o resto dos alumnos. Polo que terá dereito as probas finais de marzo, onde se examinará de todos os contidos teóricos e prácticos do módulo.

O alumno que xustifique ser deportista de élite poderá presentar o xustificante de faltas por asistencia a campionatos, desprazamentos, concentracións, etc. O total de faltas xustificadas corresponderían ao 25% de horas de cada módulo.